

GONZÁLEZ MONTAÑÉS, Julio I.; ANXO ANGUEIRA e Ramón MARIÑO PAZ (eds.) (2019): *Salvador Francisco Roel. Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña (1707)*. Santiago de Compostela: Laiovento, 186 pp.

O corpus literario do galego medio (sécs. XVI-XIX) arrequéntase novamente cunha importante peza teatral de comezos do século XVIII (1707) –neste caso un entremés impreso e non anónimo– composta polo coruñés Salvador Francisco Roel con motivo da celebración do nacemento do príncipe Luís Fernando (o futuro rei Luís I) o 25 de agosto de 1707. A descuberta deste texto, debida a Julio González Montañés, representa “un dos feitos de maior transcendencia para a investigación da historia da literatura galega moderna e contemporánea nas últimas décadas” (p. 97), pois, entre outras razóns, supón adiantar nun século a aparición da primeira obra impresa autónoma en galego (até agora ostentaba este posto o romance anónimo *Un labrador que foy sarxento ós soldados do nobo alistamento*; Mariño Paz e Suárez Vázquez 2012). O texto consérvase nun exemplar estampado en Compostela ca. 1708-12 incluído nun códice facticio da Biblioteca Nacional de España (*Jardín ameno de varias y hermosas flores...*; BNE TI/120, nº 12) xunto a outras pezas teatrais soltas.

A edición crítica, contextualización sociohistórica, e estudo lingüístico-literario desta peza publícase agora na editorial Laiovento a cargo dos editores e investigadores Julio González Montañés, Anxo Angueira e Ramón Mariño Paz. Trátase dunha valiosa publicación que continúa o ronsel dalgunhas descubertas e estudos recentes doutras pezas literarias como *O romance da urca de Santo Antón* (1777; Mariño Paz, Sánchez Yáñez e Suárez Vázquez 2012), o *Pranto da flota por unha ninfa galega* (ca. 1702; Álvarez e Millán Rodríguez 2016), as *Cinquenta décimas contra don Diego Zernadas* (ca. 1770; Fernández Salgado 2017), o *Galanteo de mozo e moza* (séc. XVIII; Álvarez 2018), ou a *Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruime* (1775, onde o galego é a lingua predominante; Suárez Vázquez e

Mariño Paz, no prelo), para alén doutros textos traballados en monografías especializadas como os dous volumes de *Papés d’emprenta condenada* (Mariño Paz (ed.) 2008 e 2012) ou dispoñíbeis en *Gondomar. Corpus dixital de textos da Idade Moderna* (Álvarez e González Seoane 2017).

O estudo da xa considerada primeira obra teatral en galego impresa en Galiza, o *Entremés galego* agora publicado, contribúe á revisión crítica da perspectiva historiográfica tradicional no que respecta á produción literaria galega entre os sécs. XVIII e XIX, pois permite cuestionar a “vixencia e o inmovilismo da visión canónica, modulada arredor da forza de dúas poderosas metaforizacións [...], como son *Séculos Escuros* e *Rexurdimento*, que se converteron nunha especie de absolutos culturais e dogmas” (p. 98; cf. Angueira 2019) e apuntar cara a unha nova concepción da nosa historia literaria contemporánea baseada na idea de *continuum* literario. Neste sentido, o *Entremés galego* –da mesma maneira que para a época medieval representa o *Cancioneiro de Afonso Pérez*, datábel no último terzo do séc. XIV, a cabalo entre a esplendorosa poesía trobadoresca e a lírica epigonal– considérase unha ponte máis, até agora invisíbel, que racha coa visión tallante desa tal fenda creativa na transición da nosa produción literaria da época moderna á contemporánea. Certamente, o *Entremés galego* permite reconstruír con solvencia o entramado literario de textos escritos en galego operativo, polo menos, desde as últimas décadas do séc. XVII –*A Contenda dos labradores de Caldelas* ou *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (Gabriel Feixoo e Araúxo, 1671)– até mediados do XVIII –*Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (Fr. M. Sarmiento, 1746)– (p. 99). O dito entramado textual do que aquí se fala tamén se concibe como unha incipiente tradición literaria, tamén desde a

teoría da recepción, que puido modelar a configuración discursiva da obra de Francisco Roel e doutros autores. Neste sentido, os editores poñen de relevo algúns puntos en común que funcionan como pano de fondo ou motivación partillada nesta tradición literaria, como o contexto histórico bélico entre Galiza e Portugal (a Guerra de Independencia contra Carlos II na *Contenda dos labradores de Caldelas*; a Guerra de Sucesión de Felipe V no caso do *Entremés galego* ou do *Pranto da flota por unha ninfa galega*; ou mesmo a Guerra de Sucesión de 1580 no caso da *Égloga* de Monterrei, composta en 1581), o perfil estereotipado do portugués, por oposición ao galego (como no *Entremés do portugués*, de 1710, ou na *Égloga* de Monterrei) ou a vinculación co primeiro borbón Felipe V (como nos *Versos galegos* de Xosé Nogueira, 1708; *E vós non vedes a teima* de Anselmo Feixoo e Montenegro, 1723; ou no *Coloquio* de Sarmiento).

Todas estas cuestións son estudadas pormenorizadamente no primeiro e terceiro capítulo da monografía, preparados, respectivamente, por Julio González Montañés (Contexto histórico, teatral e festivo) e Anxo Angueira (Estudo literario). Así pois, primeiramente abórdase o contexto festivo e teatral no que xorde o *Entremés galego* (pp. 15-19), en particular o teatro e as festas filipistas en diferentes vilas galegas (especialmente en Ourense, Pontevedra, Compostela e Lugo; pp. 19-35), así como o aspecto propagandístico e identitario relacionado coa Guerra de Sucesión e a comunidade portuguesa (pp. 35-52). Estas mesmas cuestións analízanse polo miúdo desde o prisma literario, facendo fincapé nas redes de conexión sociocultural e literaria polas que se caracteriza o discurso do *Entremés* (o nacemento do herdeiro de Felipe V durante a Guerra de Sucesión e a tónica teatral galega do portugués; pp. 106-117 e 126), así como outras cuestións relacionadas coa propaganda política, o humor e a crítica á situación social na obra (pp. 117-126 e 126). Así mesmo, a análise literaria vén precedida dunha análise das características do xénero menor en que se enmarca a peza (o entremés), tanto no que atinxe á forma (470 versos octosílabos) como ao contido e técnica compositiva (personaxes e ambiente popular, trama, estrutura) (pp. 100-106 e 126).

A edición do *Entremés*, da que é responsable Ramón Mariño Paz, pódese consultar no segundo capítulo do libro aquí reseñado.

Trátase dunha edición moi conservadora, aínda que perfectamente lexíbel, do testemuño único da obra, o impreso saído da imprenta compostelá de Benito Antonio Fraiz entre 1708 e 1712 e que despois foi incorporado ao volume facticio hoxe custodiado na BNE. A moderada intervención editorial (patente en maior medida no que respecta á puntuación) permite o acceso non mediatizado á lingua dos inicios do séc. XVIII e aos recursos con que esa lingua se transmitiu á escrita (p. 55). Os criterios de adecuación gráfica e suprasegmental expóñense con detalle entre as pp. 55 e 62, onde tamén se nos informa do aparato selectivo de notas ao texto, presentes ao longo da edición (pp. 63-79) e nunha sección autónoma posterior (pp. 80-84). No primeiro caso, as notas a rodapé fornecen información léxica ou contextual básica para a comprensión cabal do texto; no segundo, anótanse puntualmente erros ou interpretacións diverxentes coas edicións anteriores (Álvarez e González Seoane 2017, Angueira 2018) para alén de deixar constancia das leccións orixinais do impreso que foron intervidas ou corrixidas polo editor. A edición conta tamén cunha reprodución fotográfica do impreso (pp. 86-94), o cal sempre é moi útil para consultar posíbeis dúbidas de lectura e para facilitar o cotexto crítico entre o texto orixinal e as decisións do editor.

O cuarto e último capítulo, tamén da autoría de Ramón Mariño Paz, ofrécenos un estudo lingüístico exhaustivo do texto. Após unha breve nota recapitulatoria (p. 130) sobre o uso do galego e castelán no teatro da Galiza dos sécs. XVI-XVIII, analízanse os usos gráficos e os fenómenos lingüísticos do texto, distinguindo, neste último caso, as variantes relevantes para a localización espazo-temporal do texto e do seu autor, doutros fenómenos habituais nos textos do galego medio. Canto aos usos gráficos do *Entremés* (pp. 131-140), faise un repaso das diferentes unidades de representación vocálica e consonántica presentes no texto. Máis alá de testemuñaren o coñecemento por parte do autor dos usos gráficos dominantes no castelán da época e xa rexistrados noutras obras coetáneas en galego, é salientábel o emprego da grafía <nh> para representar a consoante nasal velar (*unha, algunha*). Neste sentido, explórase a posibilidade de que a escolla desta solución gráfica estivese motivada, precisamente, pola lectura doutros textos galegos coevos pertencentes á tradición literaria á que se fixo referencia antes.

Polo que respecta ás variantes lingüísticas distintivas da escrita e presumibelmente tamén da variedade oral de Salvador Francisco Roel (pp. 140-150), conclúese que este “debía ter como propia a variedade de galego que nos inicios do século XVIII sería característica da cidade da Coruña ou de concellos próximos a ela como Carral, Ordes ou A Laracha” (pp. 165-166). No plano fonético foron especialmente reveladoras algunhas variantes características desa área xeográfica como a solución *mao* (< lat. MANU), a terminación feminina *-án* (ex. *mañàn*), a preferencia polos plurais en *-ós* (exs. *capòs*, *ladròs*), o plural *us* ‘uns’ ou as formas con desenvolvemento de consoante nasal posnuclear interna (exs. *gando*, *tende*, *vinde*). No plano morfolóxico, tomáronse en consideración, entre outros trazos lingüísticos, o uso do sistema de demostrativos con /e/ (exs. *este*, *esa*, *aquelo*), a preferencia por *nosoutros/as* e *vosoutros/as*, a probábel acentuación paroxítona en formas verbais como *ouberàmos*, *tiñamos*, *tuberamos* etc.; ou a solución con /e/ como vogal temática no pretérito indefinido *pareu*.

Na última sección do estudo lingüístico (pp. 150-166), analízase outro conxunto de fenómenos fonéticos, morfosintácticos e léxicos nos que, por unha parte, se observa unha gran similitude coa situación rastrexada noutras fontes do galego medio, e por outra se evidencia “unha influencia castelanizante bastante moderada” (p. 166). No plano fonético rexístranse, entre outros, exemplos de asimilación (exs. *miniños*, *millor*, *siñora*, *treydores*), disimilación (exs. *Sagretario*, *fertuna*), metátese (exs. *cabirtos*, *porbeito*, *permeyro*), síncope (ex. *Sobrano*), apócope (ex. *en cas de*), paragoxe (ex. *Portale*), epéntese (ex. *astra*), conversión de /l/ en vibrante simple (exs. *craros*, *incrinados*), ou a resistencia da variante *juizo* (fronte a *juicio*). No plano morfosintáctico detéctanse, entre outros fenómenos, o uso do dativo de solidariedade (*che e bos*), o uso proclítico do adxectivo *mao* / *ma*, as variantes plena e truncada das terminacións *-ade* e *-ude* (exs. *verdade* / *verdà*, *saude* / *saud*), o emprego dalgúns adverbios autóctonos (*seique*, *diz que*) fronte a outros de procedencia castelá (*estonzes*, *to-davia*), ou a perífrase verbal *ter de* + infinitivo con valor modal obrigativo. No ámbito léxico, verificase por unha parte a familiaridade do autor coas clases populares visto o dominio do rico acervo patrimonial en distintos campos semánticos relacionados co vocabulario básico

e coas formas de vida tradicionais relativos ao enxoval doméstico (ex. *foles*, *sacos*), á vestimenta (ex. *brullo*, *sayo*), alimentos (*pantrigo*, *castañetas*), medidas de capacidade (*moyos*, *netos*), instrumentos musicais (*ferreñas*, *pandeyro*), días da semana (*quinta feyra*) etc. Non faltan voces con orixe noutras linguas distintas ás coñecidas polo autor (ex. *tabaco*) ou neoloxismos (exs. *alcabuces*, *dobròn*, *tafetán*, *brindis*). Pola súa parte, non son moi abundantes os castelanismos léxicos (exs. *Reyna*, *regosijos*, *alumbrou*, *Dulces*) e o testemuño do xentilicio castelanizado *Gallego(s)* resulta un dos máis antigos rexistrados. A análise lingüística péchase co comentario dalgúns unidades fraseolóxicas (exs. *vivo coma un allo*, *fino coma unha pimenta*) e onomásticas (exs. *Cathaliña*, *Irena*, *Afonso*, *Christobo*, *Alberte*), nas que o impacto castelanizante volve ser bastante ocasional (cf. a expresión *poñámonos en jerga* ou o topónimo *Castilla*).

En definitiva, a edición e estudo sociohistórico, literario e lingüístico do *Entremés galego ao feliz e real parto da nosa raíña* supón unha nova e valiosa achega para a historia da lingua e da literatura no período moderno do galego. Cómpre parabenizar os autores deste traballo pola tenaz recuperación e posta en valor do noso patrimonio literario producido nunha época á que non fai sentido seguir considerando “escura”, e en particular, nesta ocasión, pola exhumación e análise integral do primeiro texto autónomo conservado impreso en galego e, ademais, a primeira peza dramática en galego impresa no noso país.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario (2018): “*Galanteo de mozo e moza*, romance en lingua galega (séc. XVIII). Edición e estudo”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 21, pp. 15-31.
- Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos gallegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/gondomar/>.
- Álvarez, Rosario e Francisco Millán Rodríguez (2016): “O *Pranto da frota por unha ninfa galega*’ (ca. 1702). Tradición manuscrita, autoría, edición e estudo”, *Cuadernos de Estudios del Siglo XVIII* 26, pp. 233-270.

- Angueira, Anxo (2018): “O *Entremés Gallego* (ca. 1708-1712): unha descuberta extraordinaria”, *A Trabe de Ouro* 108, pp. 139-156.
- (2019): *Rexurdimento: a palabra e a idea*. Vigo: Xerais.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2017): Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas. *Edición e estudo dun novo texto en galego do século XVIII*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Mariño Paz, Ramón (ed.) (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* [edición dos textos, fichas introdutorias e notas de R. Mariño Paz; notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández; coordinadora da edición R. Aneiros Díaz]. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (ed.) (2012): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega.
- Mariño Paz Ramón; Margarita Sánchez Yáñez e Damián Suárez Vázquez (2012): *O romance da urca de Santo Antón. Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié.
- Mariño Paz, Ramón e Damián Suárez Vázquez (2012): “Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega, pp. 429-512.
- Suárez Vázquez, Damián e Ramón Mariño Paz (no prelo): “Un novo texto dramático de Cernadas y Castro”, en R. Álvarez Blanco e E. González Seoane (eds.), *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Instituto da Lingua Galega

Ricardo Pichel
Universidad de Alcalá
ricardo.pichel@uah.es